

A TESOURERÍA DA LINGUA

Valerii Mokienko. *As imaxes da lingua rusa*. Xunta de Galicia. 2000.¹

Valerii Mokienko. *A fraseoloxía eslava*. Xunta de Galicia. 2000.²

A fraseoloxía é a tesourería da lingua que garda as palabras máis antigas, as formas gramaticais inusuais e as construcións sintácticas desbotadas polo tempo ou pola norma literaria. Ó conserva-la forma, conserva o sentido.

Imaxes, p. 38.

O libro acabado de citar, publicado en San Petersburgo en 1986, forma a última parte da triloxía que o seu autor iniciou, hai máis de dez anos, ó publicar unha obra divulgativa, destinada a todo tipo de lectores e intitulada *Cara á profundidade do dito* (Moscova, 1975), á que seguiu *A fraseoloxía eslava* (1ª ed. rusa, 1980), un manual destinado ós alumnos universitarios da carreira de Filoloxía Eslava. Os dous últimos libros foron publicados pola Xunta de Galicia en 2000, en versión galega.

O autor da devandita triloxía (e de moitas obras máis) é o doutor Valerii Mokienko, catedrático de Filoloxía Eslava (Universidade Estatal de San Petersburgo) e de Ucrainística (Instituto de Eslavística, Universidade Ernst Moritz-Arndt de Greifswald, Alemaña), un investigador de prestixio internacional e de extensa bibliografía que inclúe numerosos artigos e moitos libros, dos que os máis recentes son catro dicionarios imprescindibles para os estudos da fraseoloxía rusa, publicados entre os anos 1990 e 1998 (*Fraseoloxismos rusos*, 1990; *Fraseoloxismos da lingua rusa*, 1997; *Diccionario breve de sinónimos fraseolóxicos*, 1997; *Diccionario da fraseoloxía rusa. Libro de referencia histórico-etimolóxico*, 1998). Na área da etimoloxía eslava os escritos de V. Mokienko constitúen unha pauta importante da que non poden prescindir nin os seguidores incondicionais do seu método de investigación (por suposto), nin os que entran en debates, sempre fértiles, gracias, entre outras razóns, precisamente á fertilidade do método.

1. No texto desta recensión, Imaxes.

2. No texto desta recensión, Fraseoloxía.

En palabras de Xesús Ferro Ruibal, coordinador dos equipos que elaboraron as versións de dúas obras e autor de senllas introduccións, que son de lectura obrigatoria, este método, “unha feliz interacción sincronía-diacronía, revela, en qué medida a fraseoloxía é un espello da peculiaridade irrepitible dun pobo, máis tamén o é de insospeitados elementos comúns na forma europea de ve-la realidade” (X. Ferro Ruibal, *Fraseoloxía*, p.11)

O propio autor define o seu método coma o da *modelación semántico-estructural*, procedemento analítico que parte do concepto do *modelo fraseolóxico*, noción que formula “como a variante semántico estrutural das combinacións estables que espella esquematicamente a estabilidade relativa da súa forma e semántica” (*Fraseoloxía*, p.97). Noutra anterior definición, destaca que “o modelo fraseolóxico-estructural compréndese como tipo das construcións sintácticas, segundo o cal se forma unha serie de combinacións estables” (*Fraseoloxía*, p.95). Noutros termos, esta noción podería ser definida como *invariante* fraseolóxica, froito do proceso linguohistórico da fraseoloxización condicionado pola súa *esencia dicotómica*.

X. Ferro Ruibal dilucida a eficacia deste enfoque, presentando as seis dicotomías fraseolóxicas definidas polo autor en implicación dialéctica: estabilidade/inestabilidade; modelabilidade/inmodelabilidade; implicidade/explicidade; imaxibilidade/inimaxibilidade; expresividade/neutralidade; sincronía/diacronía. Con estas seis dicotomías Mokienko *ilumina o fenómeno fraseolóxico cunha luz nova* (ib.,id.). O investigador petersburgués acada a verdadeira motivación dun fraseoloxismo botando man das pescudas etimolóxicas aprofundadas e ousadas; e gracias ó seu método *aberto* chega a reconstruí-lo camiño percorrido polo fraseoloxismo na súa microhistoria individual, estreitamente vinculada coa macrohistoria xeral da lingua.

A enorme variedade do material de partida, a alta precisión do método investigador e a óptica multifocal dende a que o investigador ve os fenómenos fraseolóxicos conforman e confirman a eficacia deste método aberto que permite a reconstrución razoada, e solidamente argumentada, dos prototipos de frasemas estudados: Volvendo citar a Ferro Ruibal, “a imaxe orixinal dun fraseoloxismo revélase, igual cá da palabra, na intersección dos seus modelos fonéticos, modelos da palabra e modelos semánticos” (ib., p.13).

O método exposto, aplicado e exemplificado na “*Fraseoloxía*” vese desenvolvido e aprofundizado en *As imaxes da Lingua Rusa. Ensaio histórico e etimolóxico e etnolingüístico sobre a fraseoloxía* (“*Imaxes*”), unha obra que, a diferenza de “*Fraseoloxía*”, xunta as características inherentes ó xénero divulgativo coas dunha investigación rigorosamente lingüística. Xa o índice xeral revélalle ó lector unha peculiaridade esencial do método, a feliz interacción entre conceptos antitéticos e a súa fusión intrínseca, o que xera o dinamismo da fraseoloxización; como exemplos, serven xa os títulos dos capítulos do libro, vb., “O alleo apropiado e o propio alleado” (compárese co lema do II Simposio Galego da Tradución: “Anosadores de vós, anovadores de nós”).

As dicotomías establecidas por V. Mokienko contribúen a excita-lo interese do lector desmentindo o frasema intensificador castelán “ser máis latazo que unha lección de gramática”; alomenos, as leccións de fraseoloxía que presenta o catedrático petersburgués son sempre dinámicas e divertidas, amais do seu valor científico.

Cabe destaca-los méritos de dous equipos que elaboraron ámbalas dúas versións galegas. Tanto o de “Imaxes” –Ekaterina Zóssik (traducción), M^a Clara Viqueira Liñares (revisión galega), Maite Veiga Díaz (índices)–, como de “Fraseoloxía” –Ekaterina Guérbek (traducción), Isabel Valiño Ferrín e Maite Veiga Díaz (revisión galega)– crearon senllos textos que non defraudan nin a lectura atenta e crítica dos estudiosos de problemas investigados, nin a dos lectores “non-profesionais”, pero interesados nas cuestións da lingua; e a lectura resulta de utilidade aínda máis obvia polo feito de que os dous equipos enriqueceron substancialmente os textos orixinais engadindo senllos glosarios de fraseoloxismos galegos, de 160 frasesmas o de “Fraseoloxía” e de 360, o de “Imaxes”.

O coordinador de ámbalas dúas versións, ó introduci-las obras rusas no contexto investigador de fraseoloxía galega, chegou a crea-las introduccións que merecen a lectura aprofundizada non só pola exposición dos conceptos básicos de V. Mokienko, clara e convincente, senón tamén polas ideas propias desenvolvidas por X. Ferro Ruibal, o que comunica ós dous escritos seus un aspecto autónomo e independente e, asemade, invita ó debate.

Neste sentido, poida que susciten polémicas algúns termos creados polos tradutores nas pescudas de equivalencias para termos rusos; sirva como exemplo o termo *linguopaisoloxía*, calco morfolóxico do termo ruso *linguostranovédenie*, composto este último de dous elementos, *linguo-* que non precisa de comentarios, e *stranovédenie* que é, á súa vez, calco, tamén morfolóxico, do termo alemán, *Landskunde*, traducido ós idiomas románicos como *culturoloxía*. En ruso o termo homófono (*kulturoloxía*) aplícase a unha materia interdisciplinaria que estudia o conxunto de características culturais e históricas dun país. Quizais neste caso sexa máis idóneo o termo *etnolingüística* o cal, ademais, xa figura nesta acepción no *Diccionario Lingüístico Ruso/Español, Español/Ruso* elaborado na Universidade Complutense polo equipo dirixido por María Sánchez Puig (Madrid, 1994).

Para concluír, é de destaca-la importancia de ser precisamente a lingua galega a que serve de vehículo para propaga-lo método de V. Mokienko fóra do ámbito eslavo, o que é unha proba non só de valor xeneralizado do método, senón tamén a da feliz hospitalidade da lingua-receptora.

Alexandra Koss
Universidade de Barcelona

